

“A ciencia do mito: Atlantis”

O pasado 17 de xaneiro, tivemos a oportunidade de disfrutar dunha conferencia ofrecida polo periodista e divulgador científico Emilio Varela. É un vello coñecido para nós porque xa nos visitou máis veces, sempre con proxectos interesantes nos que conta parte das súas espectaculares viaxes.

Nesta ocasión a charla titulábase: “A ciencia do mito: Atlantis” e nela pretendía destacar o fundamento científico do mito da Atlántida de Platón. Para iso, empezou falando do Parque Nacional do Vesubio, da xoia xeolóxica que é a Illa de Thera, amosounos tamén o Parque Nacional de Nea Kameni para chegar á maior catástrofe natural vivida no Mundo Antigo: a Erupción de Santorini e a cidade perdida.

Todo isto, acompañado tamén dunha importante lección de historia e por suposto dunha lección ambiental na que reflexionou sobre o Mediterráneo, un mar en problemas e un dos espazos mariños máis ameazado do planeta debido á presión humana e á intensa contaminación ambiental. Finalmente, acabou reflexionando sobre o gran lastre dos nosos tempos: o cambio climático e a necesidade de mentalizarnos do papel que cada un de nós pode realizar ó respecto.

Pensamos que tivo boa acollida entre o alumnado que puido asistir e esperamos que sirva de motivación e sensibilización ambiental para todos.